



1956

- Enxeñeira, médica e astronauta da NASA.
- Primeira muller afroamericana en viaxar ao espazo.
- Estudou na Universidade de Cornell, onde se doutorou en Medicina e traballou durante anos como médica en África.
- En 1992 embarcou nunha misión espacial como especialista científica e levou a cabo unha serie de experimentos sobre a ingravidez e a cinetose.
- Abandonou a NASA e fundou a súa propia empresa que desenvolveu ALAFIYA, un sistema de telecomunicacións baseado en satélites cuxo propósito era mellorar o coidado médico en países en desenvolvemento.



1938 - 2019

- Bioquímica española licenciada en ciencias químicas.
- Fundou o primeiro grupo de investigación en xenética molecular en España e desenvolveu o seu traballo como profesora vinculada *ad honorem* do Consello Superior de Investigacións Científicas.
- Responsable do achado da ADN polimerasa do virus bacteriófago phi29, a súa investigación permite ás e aos oncólogos ampliar pequenas poboacións de células que poderían dar lugar a tumores e, desta maneira, estudalos con máis facilidade.
- Primeira muller española en ingresar na Academia Nacional de Ciencias de Estados Unidos



1958

- Licenciada en Farmacia na universidade cun Máster en Farmacia, e doutora en Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica.
- Creou o primeiro laboratorio do país no ámbito da nanotecnoloxía farmacéutica. Desde entón, foi coordinadora de múltiples consorcios e investigadora principal de numerosos proxectos.
- A súa investigación impulsou o desenvolvemento de sistemas de liberación dirixida de fármacos e vacinas.
- Lidera un proxecto da universidade dirixido ao desenvolvemento dunha nova vacina contra o COVID-19 baseada no ARNm.



1927 - 2014

- Primeira matemática española que acadou unha bolsa Fullbright, concedida polo goberno dos Estados Unidos en 1953 para facer a tese na universidade.
- Experta nas álxebras de Clifford e na teoría dos grupos clásicos.
- Foi a única profesora na universidade canadense na que traballaba.
- Os premios que concede o goberno galego para distinguir mulleres pioneras nos campos científicos nos que traballan levan o seu nome.



M 4 G S



D 1 2 X



T L A J



K X T 6